



## CONCURSO: “CÓNTAME UN CONTO”

### B A S E S

- 1º Poderá participar en “Cóntame un conto” todo o alumnado matriculado no curso académico 2018-2019, persoal docente e non docente da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo.
- 2º Os participantes dispoñerán dun máximo de 10 minutos para narrar un conto clásico ou actual de autor, en lingua galega ou castelá.
- 3º Ademais da voz e dos xestos, a narración do conto poderá acompañarse de instrumentos musicais, debuxos, carteis, disfraces, marionetas, etc. (non se poderá facer uso de escenarios, PowerPoint, etc.).
- 4º A participación deberá ser individual ou en grupos de dúas persoas como máximo.
- 5º O traballo presentado non pode ter sido premiado en ningún outro certame.
- 6º As persoas interesadas en participar deberán inscribirse na biblioteca da Escola **entre o 15 de marzo e o 3 de abril (inclusive)** no seu horario habitual. No momento da inscrición deberán indicar o seu nome, apelidos e curso, así como o título e autor do conto.
- 7º A actividade terá lugar o **xoves 4 de abril ás 10,30 h** na aula de Psicomotricidade.
- 8º O xurado estará composto por tres membros do profesorado da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo. Este xurado concederá un único premio e poderá declarar deserto o certame se así o considera oportuno. O seu ditame será comunicado ao gañador ou gañadora o mesmo día do concurso.
- 9º O premio, valorado en 100 euros, consistirá nun lote de libros (elixidos polo gañador ou gañadora).
- 10º A participación neste concurso presupón a aceptación das bases, así como a interpretación que das mesmas efectúe o xurado.